

PLAN DE TRABAJO DE 5º A e B DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 23 – 24 :

Unha xornada de traballo

PREMISAS INICIAIS

Tres premisas marcan o deseño deste plan de traballo:

1. **As adquisicións máis significativas de nenos e nenas de 4 a 5 anos.**

As prácticas educativas e propostas didácticas terán en conta aspectos fundamentais como a ampliación do campo perceptivo a través do ambiente, o aumento progresivo da capacidade de actuar sobre o mundo exterior, a formación da conciencia de si mesmo, a adecuación á realidade e a adquisición dunha serie de valores que lle permitan actuar con autonomía. Todo isto débese ao desenvolvemento das facultades de manipulación, de imaxinación, de observación e de lóxica que serán a base das aprendizaxes nas nosas aulas.

2. **Enfocar o xogo e a investigación como a actividade básica de aprendizaxe de nenos e nenas.**

A actividade lúdica ten unha dobre lectura, por unha banda é satisfactoria, divertida, xeradora de pracer e benestar; e por outra permite descubrimentos, desenvolve actividades, promove aprendizaxe e axuda a socializar. Ademais, se a isto lle engadimos o interese que teñen os nenos e nenas destas idades en saber de todo e o porqué de todo, o xogo é o medio perfecto para que se fagan investigacións expertas de calquera tema que se lles ocorra.

3. **O deseño de tempos, espazos e propostas educativas.**

Así, van permitir a nenos e nenas atoparse:

- Co seu corpo, tendo momentos de descanso, aseo, xogo.
- Coa súa voz e os seus xestos.
- Cos seus sentidos.
- Coa súa capacidade de busca e razoamento.
- Coa súa orixinalidade, espontaneidade, creatividade.

Partindo destas premisas e principios unha xornada nas nosas aulas basearase principalmente no establecemento e desenvolvemento de rutinas e de diferentes entornas de traballo que posibiliten diferentes tipos de propostas para aprender xogando.

UN DÍA EN TARRÍO NAS NOSAS AULAS

Un día nas nosas aulas terá normalmente os seguintes momentos, contando tamén cos tempos dedicados á lingua inglesa, psicomotricidade, música, relixión ou atención educativa:

-Rutinas de entrada: cambio de calzado para estar cómodos na aula, buscar o día na axenda, colocar as súas pertenzas, sentarse na asemblea.

-Asemblea: tempo de conversa e diálogos espontáneos tendo en conta as normas que rexen os intercambios lingüísticos, tempo para organizar as actividades do día, tempo para adquirir normas e hábitos de convivencia e resolución de conflitos.

-Recantos: xogos de lectoescritura, lóxica – matemática, arte, xogo simbólico, minimundos...

-**Preparación para a merenda:** cambio de calzado e rutina de aseo persoal.

-**Merenda.**

-**Recreo, saída ao patio.**

-**Rutina de aseo persoal e pequeno momento de relaxación para a volta á actividade.**

-**Momento de lectura:** PLSS (Programa de Lectura Silenciosa) ou lectura do conto en gran grupo.

-**Recantos/ gran grupo:** xogos de linguaxe, lectoescritura, lóxica matemática, arte, xogo simbólico, obradoiros...

-**Asemblea final:** recordar o traballado, o vivido ao longo da xornada, o que imos facer mañá, resolución de conflitos...

-**Rutinas de saída:** recollida e limpeza da aula, cambio de calzado, recollida de axenda, aseo...

-**Comedor ou casa.**

COMO TRABALLAMOS?

Distinguimos diferentes formas de traballar nas nosas aulas:

1. **RUTINAS:** Son momentos concretos do día dedicados ao coidado e hixiene persoal e o coidado e limpeza de aula e materiais. Son tamén momentos dedicados a organizar e planificar o día a día, o calendario, que se vai facer hoxe, tarefas e responsabilidades do encargado/a da aula...
2. **RECANTOS:** Son espazos e propostas de actividades delimitados en distintas zonas da aula onde o alumnado en pequenos grupos traballan de forma simultánea. Permiten:
 - Aprender a través do xogo fundamentalmente.
 - Respetar os diferentes ritmos do alumnado posto que o material que alí se presenta ten diferentes funcións e posibilidades segundo o que cada neno e nena necesiten.
 - Apoiarse entre todos. Podendo tamén traballar a nivel individual.

Nas nosas aulas os recantos cos que inicialmente contamos son os relacionados con:

- **Lóxica-matemática:** ao organizar este espazo pretendemos ofrecer un soporte para o traballo e comprensión dos diferentes elementos da representación matemática: os números e a súa cuantificación, conxuntos e clasificación, medición, ordenación... a través do razoamento e da manipulación.
- **Lectoescritura e biblioteca de aula:** neste espazo pretendemos crear as condicións necesarias para facilitar o achegamento tanto ao proceso comunicativo. Así os nenos e nenas poderán experimentar con xogos e creación de letras, palabras e textos con significado para eles.
- **Xogo simbólico e minimundos:** nestes recantos, os nenos/as simulan situacións da vida real empregando diferentes obxectos aos que lles dan carácter lúdico. Podendo tamén recrear diferentes ambientes e mundos.
- **Expresións artísticas:** este recanto permítelles os nenos e nenas experimentar con diferentes útiles e soportes, e deixar ceibe a imaxinación. A filosofía deste recuncho e imaxinar, experimentar e crear con infinidade de materiais e perspectivas.

Estes recunchos son flexibles, e poderán ir modificándose e/ ou medrando ao longo do curso. Ademais, no desenvolvemento dos mesmos, irán introducíndose propostas directamente vencelladas cos proxectos que irán xurdindo no curso. Tamén outras relacionadas coa observación e a experimentación, coa pretensión, neste caso, de ofrecer un medio estimulante para incrementar as experiencias do alumnado, desenvolvendo capacidades perceptivas e de investigar, de preguntarse o porqué das cousas, traballo as causas e efectos de cousas cotiás, das estacións, dos fenómenos atmosféricos, do paso do tempo nos seres vivos, etc. A través de experimentose experiencias onde se converterán en pequenos e pequenas investigadoras.

3. **TRABALLO INDIVIDUAL:** Aínda que o traballo por recantos sexa o noso sinal de identidade, tamén haberá momentos de traballo individual, en que cada neno e nena teña que realizar algún traballo ou proposta asumidos simultaneamente en pequeno grupo. Isto favorece unha interacción máis personalizada entre o alumno/a e a mestra, facendo fincapé en fortalezas e debilidades en cada traballo.
4. **XOGOS EN GRAN GRUPO:** Outras das maneiras que temos de aprender son os xogos en gran grupo. Estes son momentos nos que a mestra propón algún xogo para facer entre todos relacionado sobre todo con temas de lóxica matemática e de letras, de maneira que se potencie principalmente o aprender xogando, pero tamén a convivencia, a colaboración entre todos e todas, a participación, etc. Algúns exemplos son: proxecto documental integrado (PDI), o proxecto anual, a asemblea final, ouos xogos no patio.

Para isto, imos seguir diferentes metodoloxías que podemos resumir nos seguintes puntos:

- **PROXECTOS VIVENCIADOS:** Isto significa que os proxectos que se leven a cabo na aula, por exemplo o Proxecto Documental Integrado de centro, van considerar os intereses dos nenos e nenas en relación co mesmo, podendo partir de, cousas que lles chamen a atención, dúbidas do que queiran saber, etc. Isto favorece principalmente o interese en aprender, pero tamén a autonomía e a capacidade de decisión posto que o proxecto vai tomando forma segundo o que os nenos e nenas van demandando e chegando a conclusións diferentes. Estes proxectos poden levar todo o curso, ou un mes... porque non teñen un tempo delimitado depende do interese dos alumnos e alumnas. A súa finalidade é esa, aprender vivindo.
 - **APRENDIZAXE POR DESCUBRIMENTO E OBSERVACIÓN:** a nosa maneira de aprender será a través de experimentar e xogar cos materiais e as súas diferentes posibilidades para chegar de maneira individual e grupal ao coñecemento. Isto implica que moito material será de uso común con caixas de tesouros, bandexas e caixas sensoriais, experimentos, minimundos..., e en ocasións puntuais poderase levar ese coñecemento ao papel.
5. **APROXIMACIÓN Á LECTOESCRITURA A TRAVÉS DO CONSTRUCTIVISMO:** a maneira de achegarse á lectoescritura neste curso parte dos ritmos e estadios individuais nos que se atope cada nena/o. Así, dámoslle moito valor á escrita indeterminada "dos garabatos" que fan os nenos e nenas dos que partimos, para ir traballando pouco a pouco sobre o que cada un vai escribindo, comezando a identificar os sons de palabras significativas para eles, como por exemplo o nome propio.

COMO AVALIAMOS?

Levaremos a cabo tres tipos de avaliación:

- **Avaliación por parte dos mestres/as** que faremos non tanto de resultados finais, senón dos procesos de aprendizaxe dos nenos e nenas. Será unha avaliación cualitativa que reflecta como vai desenvolvendo o alumno/a as súas capacidades e competencias, por iso non son avaliacións cuantitativas baseadas en valores numéricos.

Os instrumentos de avaliación que empregaremos variarán en tipoloxía, sendo o principal a observación directa por parte do profesorado en diferentes momentos da xornada e o análise. E ademais, teranse en conta a información aportada polas familias a través das diferentes canles de comunicación que existen con elas, así como tamén dos outros mestres e mestras que participan da vida da aula.

- **A auto avaliación**, é dicir, cada neno e nena falará coa mestra individualmente ou na asemblea dependendo do momento da: produción que fixo, como cree que o fixo, o que lle gustou, o que non, etc.
- **A avaliación por pares**: nalgúns momentos serán os propios nenos e nenas que actuarán de guía para o resto do grupo, como si foses os mestres e mestras, o que supón que ese neno/a saiba o que hai que facer para explicalo e corrixi-lo correctamente

ÁREA COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

Preténdese contribuír a mellorar a relación de nenos/as co medio a través de diferentes formas de comunicación e representación. Abrangue a linguaxe verbal para falar, escoitar e conversar, achegarnos á lingua escrita, iniciarmos no coñecemento doutras linguas e desenvolver outras formas de expresarnos a través doutras linguaxes artísticas como a plástica, a musical e a corporal e a linguaxe audiovisual e dixital.

COMPETENCIAS*	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>U - U A U D U</p>	<p>Usaremos a lingua oral para relatar feitos, comunicar ideas e sentimentos, así como nos iniciaremos en mecanismos para regular a nosa conducta. Amosando empatía e asertividade e respectando a igualdade.</p> <p>Participaremos en situacións de uso de diferentes linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas. Aumentaremos o noso léxico e construiremos xa frases máis estruturadas. Aprenderemos a participar en conversacións respectando as normas de quendas, escoita, silencio, respecto, preguntas...</p> <p>Usaremos axeitadamente fórmulas de cortesía.</p> <p>Empezaremos a facer uso da lingua escrita como medio para expresar ideas en situacións importantes da aula. Seremos capaces de escoitar e entender narracións e instrucións. Traballaremos a lectura de contos de imaxes e a súa dramatización así como a memorización como xeito de aprender cousas.</p> <p>Identificaremos o noso nome e palabras moi significativas e usadas na vida cotiá da aula. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou con propósitos e interaccións diferentes.</p> <p>Faremos un uso axeitado da biblioteca da aula e do centro, e usaremos contos e libros para buscar información.</p> <p>Exploraremos e experimentaremos sensorialmente os elementos e materiais que nos rodean, o noso corpo e voz tamén, buscando as súas posibilidades plásticas, sonoras, expresivas e creativas coa súa transformación e mestura.</p> <p>Potenciaremos a nosa imaxinación e creatividade, a través da dramatización.</p> <p>Aprenderemos a ver, escoitar e describir obras artísticas, expresivas e musicais e as emocións que transmiten. Planificaremos o proceso de elaboración dalgunha obra/xogo plástico, baile e/ou música de maneira individual e grupal.</p> <p>Empezaremos a usar e coidar as tecnoloxías e creacións audiovisuais para aprender e coñecer e para crear (vídeos, pintura, sons, textos...).</p>	<p>Libros de diferentes estilos e formatos.</p> <p>Registro de préstamo da biblioteca</p> <p>Libros feitos</p> <p>Libros que traen das súas casas</p> <p>Textos varios</p> <p>Letras en todo tipo de formato</p> <p>Abecedarios</p> <p>Álbum con fotos</p> <p>Tarxetas de vocabulario</p> <p>Libreta persoal</p> <p>Mochila viaxeira</p> <p>Encerados. dixital e tablet.</p>

ITEMS DE AVALIACIÓN

- Utiliza a lingua oral para comunicarse cos seus iguais e coas persoas adultas, e segundo o contexto no que está.
- Utiliza fórmulas de cortesía, e segue as normas nunha comunicación (quendas, escoita, respecto de opinións, ton...)
- Comprende mensaxes orais.
- Participa en xogos lingüísticos e é capaz de memorizar algún.
- Ten interese en textos escritos da aula, amosa interese en escribir e fai as súas primeiras aproximacións á escrita.
- Entende que a palabra escrita e a lectura son medios para aprender.
- Gústalle experimentar con diferentes.
- Fai un uso responsable e coidadoso das tecnoloxías e producións audiovisuais.
- Goza coa escoita e iníciase na lectura de textos literarios .
- Utiliza e coida a biblioteca e realiza o préstamo de libros axeitadamente medios, materiais e técnicas plásticas, musicais e expresivas
- É curioso/a nas súas producións e é capaz de describilas.

ÁREA CRECEMENTO EN HARMONÍA

A través desta área desenvolverase o proceso de construción persoal. As interaccións cos demais nenos/as e persoas adultas e co medio serán fundamentais para o coñecemento propio, para diferenciarse dos demais e para ter unha identidade única e diferente. O crecente control do propio corpo vailles permitir darse conta das propias posibilidades e limitacións, así como gañar en autonomía e independencia con respecto das persoas adultas. O corpo e a propia imaxe (axustada ao esquema corporal), o control progresivo do mesmo a través do xogo e movemento, a vida cotiá dentro e fóra da aula, o coidado persoal, o desenvolvemento das emocións e a adquisición de hábitos para a vida serán elementos de aprendizaxe no día a día da aula.

COMPETENCIAS*	CONTIDOS	MATERIAIS
<p>CC CPSAA CE CCEC</p>	<p>Recoñeceremos progresivamente as características e posibilidades do noso corpo a través do xogo e expresión para ter conciencia do noso esquema corporal e assúas partes.</p> <p>Identificaremos e aprenderemos a controlar das necesidades básicas do corpo e afianzaremos hábitos e rutinas.</p> <p>Teremos interese en participar en actividades da vida cotiá, adquirindo confianza nas capacidades propias e recoñecemento das limitacións.</p> <p>Desenvolveremos unha actitude de iniciativa, organización e constancia, chegando a compromisos e regras de xogos e momentos e aceptándoos. Iniciarémonos na planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.</p> <p>Traballaremos hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co auto coidado e co coidado da contorna.</p> <p>Identificaremos, verbalizaremos e controlaremos de maneira progresiva os propios sentimentos, vivencias e emocións e dos demais. Recoñeceremos e identificaremos os sentidos como medio de expresión, comprensión e aprendizaxe.</p> <p>Recoñeceremos e vivenciaremos as primeiras referencias espazo-temporais derivado da observación dos cambios físicos polo paso do tempo.</p> <p>Traballaremos para controlar e coordinar as nosas habilidades e movementos psicomotrices grosas e finas, para perfeccionar técnicas e precisión. Potenciaremos a orientación no espazo, na aula e no centro, aprendendo a valorar riscos.</p> <p>Camiñaremos cara o entendemento da resolución pacífica de conflitos e a colaboración e capacidade de solicitar e prestar axuda.</p> <p>Aceptaremos as normas de comportamento establecidas nos diferentes momentos da xornada, e colaboraremos n en manter os ambientes limpos e ordenados.</p>	<p>Libreta persoal Zona de perchas Caixa das axendas Carné bus Nomes para pasar lista Panel do tempo, día, semana...</p> <p>Materiais elaborados polatitora. Fotos, textos e obxectos, outras cousas aportadas polos nenos/as.</p> <p>Xogo simbólico</p> <p>Cadro de responsabilidades e encargados do día, tarefas pendentes e organización do día</p>

ITEMS DE AVALIACIÓN

- Coordina e controla o seu corpo de maneira global e manifesta maior control en habilidades manipulativas de carácter fino.
- Ten capacidade de adaptarse ás características dos obxectos, á acción e aos diferentes momentos da vida cotiá do centro.
- Recoñece os sentidos como medio de aprendizaxe.
- Manifesta confianza nas súas posibilidades, recoñecendo as súas limitacións.
- Manifesta respecto e aceptación polas características das demais persoas, amosando actitudes de axuda e colaboración.
- Identifica e manifesta os propios sentimentos, vivencias, emocións... e esforzase por comprender as dos demais.
- Participa e resolve con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colabora en tarefas, solicita e intenta ofrecer axuda e acepta as normas.
- Mantén hábitos de saúde, alimentación saudable, sostenibilidade, hixiene corporal e benestar utilizando e coidando axeitadamente espazos e materiais.

ÁREA DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Nesta área de coñecemento e experiencia preténdese que nenos e nenas, de acordo as súas posibilidades, descubran, comprendan e coñezan como é e como se configura a realidade que nos rodea. Farano a través de contidos que potencien o pensamento lóxico-matemático, favorecendo nocións de tempo, espazo, causalidade, cuantificación e a resolución de problemas que se presentan na súa vida cotiá. O achegamento á natureza, ao medio a aos seres e elementos que a integran será outra fonte de contidos que saciará a súa curiosidade innata e natural. O coñecemento de como nos organizamos social e culturalmente completará os contidos que abranguen este área.

COMPETENCIAS*	CONTIDOS	MATERIAIS
STEM CD CE	<p>Faremos por ter interese na exploración, coidado e recoñecemento dun mesmo e da contorna.</p> <p>Construción dunha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.</p> <p>Aprenderemos conceptos lóxico-matemáticos para entender o mundo e a úsalos na vida diaria a través da exploración lúdica: os primeiros números, as súas grafías, cantidades, operacións sinxelas de cálculo, repartos, estimacións, formas, clasificacións, medidas de peso, lonxitude e tempo.</p> <p>Traballaremos o razoamento a través de xogos de mesa.</p> <p>Usaremos o calendario e coñeceremos as primeiras nocións temporais da vida cotiá.</p> <p>Observaremos, rexistramos e contrastaremos cousas que suceden no mundo que nos rodea e o representaremos en diferentes formatos</p> <p>Fomentaremos a curiosidade, respecto e coidado do medio a través da realización de actividades ao aire libre e o contacto coa natureza, así como utilizandocomo recursos de aprendizaxe e xogo elementos naturais.</p> <p>Favoreceremos o establecemento de relacións respectuosas entre toda a comunidade educativa e fora de ela.</p> <p>Aproximarémonos e valoraremos as función que cumprimos as persoas na comunidade a través da colaboración e aprendizaxe servizo. Coñeceremos algúnsuceso e persoa relevante da historia da nosa comunidade e valoraremos conmemoracións propias da nosa cultura.</p>	<p>Ensartables, apilables e encaixables. Xogos de lóxica e de pensar</p> <p>Materiais de refugallo.</p> <p>Materiais da natureza</p> <p>Ferramentas e útiles da vida cotiá e da investigación: xarras, lupas</p> <p>Láminas e libros de imaxes. Diario de aula con fotos</p> <p>Libretas da aula</p> <p>Follas de rexistro</p> <p>Fotos</p>

ITEMS DE AVALIACIÓN

- Ten capacidade e interese por explorar obxectos e elementos, recoñece atributos e xa fai clasificación segundo varios criterios e o sabe verbalizar.
- Recoñece e emprega os primeiros números en momentos de rutinas de aula e vida cotiá, e aproxímase á súa grafía.
- Vai desenvolvendo habilidades lóxico-matemáticas en situación de aula: rexistros, resolución de problemas de formas, nocións espaciais e temporais, peso e lonxitude.
- Formula hipóteses, busca alternativas, solucións e anticipa consecuencias nas súas observación e proxectos
- É capaz de verbalizar as súas observacións, debuxar os resultados e mesmo iniciarse nos primeiros rexistros escritos Aмосa actitudes de coidado e respecto cara ao medio.
- Coñece e respecta os grupos sociais máis próximos (familia, escola, barrio...) e acomoda a súa conducta aos principios e normas de cada un
- Gústalle participar e coñecer conmemoracións propias da nosa cultura e entende o seu sentido

- * Competencias clave, perfil competencial do currículo:
- 1- CCL: Competencia en comunicación lingüística.
 - 2- CP: Competencia plurilingüe.
 - 3- STEM: Competencia matemática en ciencia e tecnoloxía.
 - 4- CD: Competencia dixital.
 - 5- CPSAA: Competencia persoal, social e aprender a aprender.
 - 6- CC: Competencia cidadá.
 - 7- CE: Competencia emprendedora.
 - 8- CCEC: Competencia en conciencia e expresión culturais.

